



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 – 695 251 109

ACABAS DE CHEGAR Á PRESIDENCIA DUNHA ANPA ?

ATENDE AO QUE TES QUE CONTROLAR:

Acabas de chegar á presidencia dunha ANPA e non sabes que é o primeiro que tes que facer ?. Por suposto, non é o mesmo que o resto da directiva teña experiencia ou que todas sexades novatas, que a anterior presidencia estea disposta a colaborar durante un tempo ou que non poida –ou non queira- facelo, que a ANPA teña arquivos ben organizados ou que todo estea desordenado. Hai moitas circunstancias diferentes que poden marcar a distancia entre acceder comodamente a un cargo, ou que ese acceso sexa complicado, pero imos tentar axudar en calquera caso.

Imos partir da base de que chegas e non sabes nada, ninguén te explica, e a ANPA non está demasiado ordenada, porque sempre é mellor partir da peor das posibilidades; e aínda así, é doado aprender se queremos facelo.

SABER ONDE ESTAMOS:

O primeiro é saber o que é unha ANPA. Moitas pensarán: “Pero xa sei !!”, pode ser, haberá quen si, e haberá quen non. Por se acaso ímolo dicir: unha Asociación de Nais e Pais é unha organización que se crea dentro dun centro escolar de infantil, primaria, secundaria, bacharelato ou FP, da que só poden formar parte as nais, pais, titoras ou titores do alumnado menor de idade do centro, e que ten a finalidade principal de “asistir ás nais, pais, titoras ou titores en todo aquilo que atinxe á educación das súas fillas, fillos, pupilas ou pupilos”.

Podemos facer máis cousas: colaborar nas actividades dos centros, promover a participación, participar nos consellos escolares, ter un calendario propio de actividades, etc. Pero sen perder o obxectivo fundamental: a educación das nenas e nenos do centro escolar.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 – 695 251 109

COÑECER O MARCO LEGAL:

Á parte do marco legal no que estamos todas as persoas e organizacións da nosa sociedade, tamén hai unha normativa que está feita para o sistema educativo, e outra que está pensada para as ANPAS:

Sobre a normativa educativa non imos indicar aquí máis que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (actualizada con todos os cambios que incorporaron modificacións posteriores) porque esa presúmese máis duradeira. Logo hai Decretos, Ordes, instrucións, etc que van cambiando e que non compre desagregar porque é mellor consultalos puntualmente para estar seguros de traballar coa normativa vixente.

E en canto a normativa pensada para as ANPAs, como é pouca, e xa leva moito tempo vixente, e sen perspectivas de cambio, si que vola contamos:

Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

RD 1533/86, do 11 de xullo, polo que se regulan as asociacións de pais de alumnos.

Orde do 16 de xaneiro de 1987, pola que se regulan as Asociacións de Pais de Alumnos.

A normativa nosa non hai que chapala, pero si hai que tela presente, familiarizarse con ela, e consultala constantemente. Resolve moito máis do que parece ao principio.

E, por suposto, o que si temos que coñecer con todo detalle son **os nosos Estatutos**, eses son o marco específico da nosa asociación, e por fóra deles non podemos actuar. Se non nos gustan, quedaron estreitos, ou vemos que hai que actualizalos, haberá que procurar cambialos para, sempre dentro da Lei, facelos máis útiles. Pero o que nunca se pode facer é desprezalos ou pretender pasarlles por riba.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 – 695 251 109

E AGORA IMOS AO PRÁCTICO:

Acabas de chegar e non sabes **o que debería haber** na asociación. Pois deberías ter:

- Uns estatutos actualizados
- A tarxeta do NIF da ANPA
- Un contrato da conta bancaria.
- Información sobre a Federación á que está asociada a ANPA.
- Uns arquivos organizados.
- Información sobre:
 - o Seguros
 - o Protección de datos
 - o Contratación de actividades en marcha.
 - o Subvencións tramitadas ou en trámite.
 - o Contactos da ANPA
- Un libro de socias
- Un libro de actas da Asemblea xeral.
- Un libro de actas da Xunta directiva.
- Un libro de tesouraría
- Un libro de inventario
- Un libro de doazóns.

PERO:

Se falta algunha destas cousas non desesperes, nin perdas demasiado tempo na súa procura. Se hai contacto coa directiva anterior, fala con elas e escoita o que digan; se non o hai, ou o que din non te axuda, fala coa túa Federación, ou diríxete a anpasgalegas@gmail.com e tentaremos dicirche como resolver cada caso.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 – 695 251 109

Pero tamén **hai cousas que tes que facer de maneira inmediata** (mentres aparece o que indicamos no punto anterior):

- Comunicar á dirección do centro o cambio de representación da ANPA no Consello Escolar.
- Inscribir a nova directiva no rexistro de asociacións.
- Solicitar o certificado dixital da asociación a nome da nova presidencia.
- Cambiar a titularidade das contas bancarias.
- Cambiar os contactos na Federación na que está asociada a ANPA
- Cambiar os contactos naquelas empresas ou webs que o teñan asociado a un nome privado –á parte do da ANPA- como é o caso das compañías de telefonía, por exemplo.
- Cambiar a persoa de contacto na AEAT.
- Cambiar os contactos nas asociacións, agrupacións, comisións, etc, nas que participe a ANPA.

E como antes:

Se hai algo que non saibas como facer, contacta coa túa Federación, ou con nós escribindo a anpasgalegas@gmail.com.

Seguro que podemos axudar.